

# Almanaque Agrícola

ano  
LXII



## Ano 2014

Ponte Maceira  
(Ames-Negreira). A Coruña.

syngenta.

# “man de santo”

para a viña, para o aplicador,  
para o medio ambiente...

...un demo para o mildeu



**Pergado**<sup>®</sup>

syngenta.

**mildeu**protector

# Índice

As grandes cifras da horta galega			<b>4</b>
Rescatando anacos do noso pasado: Abeleira			<b>6</b>
Rescatando un anaco da nosa cultura: "Os carpinteiros de ribeira"			<b>12</b>
Convocatoria novo certame: "A Pesca nos ríos"			<b>22</b>
As nosas castes de vide: A variedade "Arauxa"			<b>24</b>
Xaneiro	<b>28</b>	Santiago	<b>40</b>
Febreiro	<b>30</b>	Agosto	<b>42</b>
Marzo	<b>32</b>	Setembro	<b>44</b>
Abril	<b>34</b>	Outubro	<b>46</b>
Maio	<b>36</b>	Novembro	<b>48</b>
San Xoán	<b>38</b>	Nadal	<b>50</b>
Guieiro de herbas medicinais			<b>53</b>
Guía de tratamentos viñedos galegos			<b>56</b>
Outros males da viña			<b>58</b>
Consellos para os coidados da viña			<b>60</b>
Tratamentos das froiteiras de carabuña			<b>63</b>
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras			<b>64</b>
Tratamentos de invernadoiros e hortas			<b>66</b>
Tratamentos das patacas			<b>68</b>
Tratamentos do millo e outros cereais			<b>71</b>
Natureza verde: Parques Naturales			<b>72</b>
Feiras gastronómicas			<b>78</b>
Catálogo xeral de sementes			<b>85</b>
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios			<b>88</b>
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados			<b>101</b>
Contos			<b>104</b>
Disposicións legais de interese para Galicia			<b>106</b>
Roedores e rodentíctidas			<b>111</b>
Enderezos dos nosos distribuidores			<b>114</b>

# As grandes cifras

## DA HORTA GALEGA




A horta galega presenta unha importancia relevante na produción final agraria da nosa comunidade autónoma. Rara é a poboación ou lugar de Galicia onde non poidamos ver, ao longo e ancho dos seus camiños, hortas familiares, xa que a economía doméstica se basea, nunha parte importante, na produción de autoconsumo de froitas e hortalizas.

a fertirrigación, optimizan a eficiencia de todo o proceso.

Chama poderosamente a atención que os primeiros cultivos hortícolas de Galicia sexan o feixón verde e a cebola, explicable este feito pola profusión destes cultivos que se dan en case todas as pequenas explotacións de Galicia. Non é raro a partir de primavera apreciar tanto a sementeira das liñas de cebo-

### As hortícolas en Galicia



Hoxe en día a maioría dos pequenos agricultores galegos producen hortícolas para o mercado local e para satisfacer as necesidades internas da familia. Nos últimos anos incrementouse a especialización e a tecnificación do medio agrícola de Galicia. Por todos os lados proliferan os pequenos invernadoiros que producen hortalizas durante máis tempo e calidade. Ademais facilitan o cultivo ao evitaren os principais problemas inherentes ao clima galego: as enfermidades e as pragas. Por outra banda a utilización de técnicas ligadas ao rego, como o goteo, ou

las coma a dos enramados de feixóns verdes ao aire libre que prosperan por todas as partes.

Teríamos que separar a horticoltura en dous grupos ben definidos. Por unha banda o **grupo das brassicas**, con todo o potencial que presentan coles, repolos e coliflores. É claro que este grupo é a base de toda a produción hortícola do outono e o inverno galego. Non cabe dúbida que o repolo é o rei desta produción xa que é amplamente utilizado en todo tipo de comidas e preparacións culinarias da nosa rexión. Pero, aos poucos, outras especies como a

coliflor e o brócoli están tendo maior presenza nos mercados locais de toda Galicia.

Tamén é importante o **grupo das solanáceas**, que inclúe o tomate, pemento e berenxena e representa un dos principais grupos na superficie de cultivo de pequenos agricultores. Pouca explotación galega hai que non dispoña dunhas matas de tomate, de pementos e algunha que outra berenxena. É certo que o principal pemento que se cultiva é o coñecido como de Padrón-Herbón, pero debemos ter en conta a importancia doutras variedades locais de crecente interese (O Couto, Oímbra, Arnoia, Mougán, Punxín, Piñeira, Branco Rosal ou Vilanova) e do pemento Lamuyo, de carne grosa e coloración avermellada que, xunto aos tomates, sempre están presentes nas pequenas explotacións agrícolas.

O tomate constitúe o referente na produción de case todas as hortícolas de Galicia e non só se cultiva para

autoabastecemento, xa que os excedentes se comercializan en mercados locais. Así, o tomate marca un fito en canto á utilización de diferentes variedades e tipoloxías.

Ultimamente estase producindo unha mellora importante, tanto na calidade coma na produción do tomate. Se anos atrás primaba a produción en cantidade, sen ter en conta a variedade, hoxe en día é fundamental a calidade, sobre todo naqueles casos onde a produción está enfocada ás medianas e grandes superficies.

Apuntar por último que segundo os últimos datos coñecidos as canles de comercialización máis comúns son: as asociacións de produtores, a venda ao que se podería chamar “asentadores” (comerciantes que recollen a colleita de varios produtos diferentes) e a venda directa dos produtores; aínda que parece que a venda ás cadeas de distribución esta tomando cada vez máis auxe.



### ABELEIRA

(*Corylus avellana* L.)

O nome do xénero, *Corylus*, xa o usaban os latinos para esta especie e deriva do grego "korus" que significa casco, pola semellanza coa cúpula que protexe o froito. O nome específico deriva segundo Andrés Laguna da cidade de Avella, en Campania (sur de Italia), onde parece ser que había moitas abeleiras.

#### Descrición e ecoloxía

A abeleira, abeloura ou abraira é un arbusto caducifolio ou pequena árbore da familia das betuláceas que raramente supera os 8 m de altura, aínda que pode chegar aos 15 m. Normalmente aparece en forma de mata de 2 a 5 m de altura. Non presenta un tronco principal definido, xa que se ramifica profusamente dende a base dando lugar a unha copa ampla, estendida e densa. Ten raíz principal penetrante e numerosas raíces secundarias horizontais, pouco fondas, que emiten rebentos. Talos recubertos dunha casca parda relucente ou parda grisalla, lisa ou un pouco rachada, que cos anos se torna gris prateada. Ramas erguidas, coa casca parda avermellada, lisa, con numerosas lenticelas abrancazadas. Ramiñas novas pubescentes con algúns pelos glandulosos avermellados. Xemas pardas, pequenas, con forma de ovo, de punta roma, con escamas imbricadas peladas ou algo pubescentes.



*Grande exemplar de abeleira no Pazo de Isabel II (Neda)*

Follas de 6-12 cm de lonxitude, con pecíolo curto (6-15 mm) e pubescente, simples, alternas, rugosas (ásperas ao tacto), con nervación moi marcada, trasovadas, de contorno pentagonal ou redondeado e co bordo dobremente serrados, acorazonadas na base e estreitadas en punta máis ou menos longa no ápice. Son de cor verde, máis escuras pola face, e algo pubescentes, polo menos nos nervios, pola cara inferior. Estípulas pronto caducas, lineares, romas, pardas, libres, membranosas e peludas. Agroman as follas nos meses de abril ou maio e caen a finais de novembro.

Flores en unisexuais monoicas, é dicir que as masculinas e as femininas aparecen no mesmo pé. Amentos

masculinos cilíndricos de 5-12 cm de lonxitude, péndulos e compactos, en grupos de 2 a 5 sobre as ramiñas dun ano. Aparecen no outono anterior á floración e desenvólvense e soltan o pole moito antes que broten as follas. As flores son pequenas e espidas, sen perigonio, constituídas por unha bráctea cuneiforme con catro estames de filamentos curtos bifidos e anteras divididas, cada semiantera cun grupo de pelos no ápice. Os amentos femininos dispóñense en posición lateral ou terminal sobre ramiñas con follas, e as flores femininas, con perigonio anular que as envolve, ovario ínfero bicarpelear, estilo curto e estigmas filiformes, están protexidas por un involucre de brácteas foliáceo e laciniado no seu ápice e agrúpanse en número de 1-5 formando glomérulos recubertos de escamas nos que sobresaen os estigmas vermellos, dous por cada estilo. Froito seco indehiscente monospermo en noz (abelá), con cuberta dura, lignificada, e semente con grosos cotiledóns carnosos e oleaxinosos. Agrúpanse (1-5) sobre curtos pedúnculos e son ovais ou globosos, rematados en punta, de 1,5 a 2 cm de lonxitude, de cor parda avermellada, protexidos por unha cúpula que procede do involucre de brácteas que medra trala fecundación, con forma de campá, membranácea, desgarrada en lóbulos desiguais. Floración precoz, de xaneiro a abril, anterior á foliación. Maduran os froitos dende xullo a outubro. Esténdese por Europa e oeste de Asia. En España é máis frecuente no norte.



Abunda en Galicia nas rexións media e montaña, na zona costeira aparece dispersa nos bosques caducifolios ou en pequenos rodais nas valgadas frescas. Prefire ambientes sombríos e frescos, sen seca estival prolongada, no marco do clima atlántico húmido ou hiperhúmido, pero entra na rexión mediterránea cando existe compensación edáfica. Gústalle as néboas e a humidade atmosférica. Atópámola dende o nivel do mar ata case 1.600 m, nos Ancares, sempre sobre chans frescos, silíceos ou calcarios, soltos e fértiles, evitando os excesivamente areosos, pantanosos e moi pobres. Localízase en valgadas e abas, nas terras baixas, mentres que nas zonas montañosas busca as ladeiras sombrías e frescas, e no límite altitudinal superior da súa área prefere os barrancos de acusada pendente.

É unha especie de media luz que medra en solainas e avesíns e pode soportar temperaturas invernaís de 25° baixo cero. Multiplícase por sementes, acodo ou transplante de brotes con raíz procedentes da cepa nai. As variedades cultivadas polos seus froitos multiplícanse por cultivo "in vitro" ou enxerto. Os pés nados de semente dan froitos aos 10 anos, e os procedentes de rebentos antes.



Para reproducila débense estratificar os froitos se non se sementan trala maduración. O crecemento é lento

### **Planta medicinal, ornamental e melífera**

As follas de abeleira son moi ricas en taninos e flavonoides, polo que teñen propiedades astrinxentes e deteñen diarreas e hemorraxias. Tamén se lles atribúen propiedades hipertensivas.

A casca, especialmente a da raíz, pola súa riqueza en tanino, emprégase en cocementos para cortar febres, diarreas e atallar hemorraxias.

Os amentos masculinos recóllense en pleno inverno e úsanse, en infusión ou cocemento, como antipiréticos e sudoríficos.

O cocemento da casca da abelá tense utilizado na medicina natural como remedio contra a retención da urina. En cambio as sementes téñense utilizado coa finalidade contraria, para reter a urina e evitar que os nenos ouriñen na cama.

Utilízase en parques e xardíns como arbusto ou pequena árbore de enfeite, cultivándose distintas variedades ornamentais.

É unha importante planta melífera, sobre todo en zonas frías, pola súa floración precoz.

## **A abelá**

A semente da abeleira é un bo alimento rico en calorías (656 kcal por 100 g); contén un 10% de hidratos de carbono, un 62% de lípidos e un 16% proteínas, e dela extráese un aceite moi rico en ácidos graxos mono e poliinsaturados, principalmente oleico e linoleico, que axudan a controlar o colesterol. Ademais, conteñen niveis importantes de tiamina, niacina, calcio, fósforo, magnesio e potasio. Consúmense como froitos secos e son apreciados en repostería e chocotería. O seu aceite, que se enrancia doadamente, ten aplicacións no campo alimenticio e como lubricante, en perfumería, na elaboración de pinturas e xabóns, etc.

As abelás non teñen colesterol e as súas proteínas son de moi boa calidade, pois conteñen arxinina, aminoácido importante para o bo funcionamento do sistema cardiovascular. Tamén son ricas en fibra vexetal, polo que axudan a controlar o estrinximento, vitaminas, sales minerais e oligoelementos. Polo alto contido en vitamina E favorecen a pel, as uñas e o pelo. Tamén prevenen a formación de cálculos renais. Recoméndanse ás rapazas que padecen anemia clorótica, que se manifesta nunha palidez verdosa, e a tódalas persoas con sangue pobre. Algúns autores non as recomendan para as persoas maiores por considerar que poden elevarlles a presión arterial.

### **O cultivo da abeleira**

Existen documentos nos que se menciona o seu cultivo xa no século IV antes de Cristo. Para obter unha boa produción vexeta mellor en terreos húmidos, permeables e profundos, en exposicións solleiras.



Na actualidade cultívanse polos seus froitos en Europa, China, Australia e Turquía. En España sobre todo en Asturias, Cataluña e Comunidade Valenciana. Existen moitas variedades ou cultivares, algunhas delas cultívanse pola calidade do froito, pola súa produción precoz ou tardía, etc., mentres que outras se utilizan como polinizadoras. A falta de sincronía no momento da maduración das flores masculinas e femininas é unha das principais razóns para utilizar variedades polinizadoras. A maior parte das abeleiras comerciais enxértanse sobre pés de abeleira turca, *Corylus colurna L.*, xa que non emite brotes chupóns.

A produción de abelás en Galicia concéntrase nas provincias de Lugo e Ourense pero dista moito da doutras comunidades autónomas españolas e non ten aínda a importancia que podería acadar cunha explotación comercial adecuada. En liñas xerais pódese asegurar que á abeleira poderíalle esperar un bo futuro, particularmente nas provincias citadas, se se introducisen melloras nos medios de produción e se desenvolvese convenientemente a comercialización. A veciña Asturias é, a este respecto, un exemplo, cunha produción considerable e cos viveiros moi ben deseñados.

### A madeira

A súa madeira, de cor branca amarelada, ás veces con tonalidade rosada, ten moi boas propiedades mecánicas. É dura, flexible e moi resistente, e utilízase en ebanistería, cestería, marquetería, tonelería e construcións rústicas. Resiste mal á intemperie ou mergullada. Os brotes de cepa e de raíz, delgados e longos, son moi axeitados para facer aguilladas e caxatos, e segundo a tradición deben cortarse

no mingunte de agosto para que as varas sexan máis flexibles e menos crebadizas. A súa leña é un combustible apreciado e o carbón vexetal, moi fino e de brasa duradeira, empregouse para fabricar pólvora e como material de debuxo.

### Outros usos (ritual, folclórico, adiviñación...)

Adquiriu significado folclórico que se aprecia en diversas manifestacións populares como crenzas, usos, expresións, etc. Boa proba da súa abundancia e importancia en Galicia é a notable presenza que ten na toponimia, na súa forma matriz ou nos seus derivados e variacións (abelairas, abeleda, abeledo, abelenda, abelendo, etc.). En canto ás manifestacións folclóricas, sábese que ás varas de abeleira atribuíuselles poder especial para combater as cobras e darlles morte. Tamén, segundo crenza popular, son indicadas para curar as picaduras de víbora mediante a colocación dunha destas varas sobre a ferida. No oriente galego, igual ca en Asturias, os campesiños adoitaban plantar abeleiras nos lindeiros das leiras para escorrentar as cobras.

Por outra banda, existe a evidencia de que este arbusto foi usado dende antigo polos adiviños para a localización



de mananciais subterráneos. Chamábase árbore dos adiviños, feiticeiros e bruxos e acadou importancia en Europa en rituais máxicos, de curandeirismo e divinatórios. Foi consagrada aos deuses do ceo e por iso a súa madeira era un amuleto para garantir a paz, afastar os espíritos malignos, bendicir, curar e atopar auga e tesouros ocultos. Foi árbore sagrada para os celtas, e os druídas tamén utilizaban a súa madeira en rituais máxicos.

As varas de abeleira foron de uso común entre os zahorís ou radioestesistas españois (persoas cunha sensibilidade especial para captar radiacións emitidas por distintos obxectos). En cada concello ou bisbarra había un adiviño



cuxa principal función consistía en detectar as veas de auga para escavar pozos. Nalgúns casos tamén descubrían metais, tesouros e mesmo os culpables dun roubo ou asasinato. Tamén as bruxas empregaban varas de abeleira nos seus rituais, aínda que a partir do século XVI as foron cambiando polas de sanguinho (*Cornus sanguinea* L.).

A vara dos adiviños faise con madeira de abeleira silvestre e hai que cortalas no mes de San Xoán ao saír o sol tras unha noite de lúa chea. Deben ser pólas en forquita duns 45 cm de lonxitude dun ano de idade e entre 1 e 2 cm de grosor. Os extremos da forquita agárranse un con cada man,

sen apertar, de xeito que o dorso mire cara ao chan e o vértice da forquita mire cara a adiante, e camíñase polos montes ou terreos onde se supón que hai auga, metais ou tesouros escondidos. Se atopamos algo diso a vara dóbrase e sinala o lugar.

O xesuíta, físico e filósofo alemán do século XVII Athanasius Kircher escribe respecto do uso divinatório das ramíñas de abeleira: “Cóllese un brote de abeleira (non necesariamente silvestre), córtase en dous anacos iguais, perfórase o extremo dun deles, formando un pequeno oco, e córtase o extremo do outro en forma de punta, colócanse de modo que o extremo dun penetre no outro. Lévese nesta posición cara a adiante, sosténdoo entre os dous índices. Cando se pasa por enriba de fíos de auga ou de veas metálicas, a vara oscila marcadamente”.

As abelás simbolizan o coñecemento e a felicidade, e cítanse adoito nos contos de fadas e no folclore como símbolo de sabedoría e adiviñación.

Na Idade Media, as runas, especialmente as que identificaban as casas, gravábanse sobre táboas de abeleira e tiñan simbolismo esotérico. En vilas medievais do norte de Europa aínda se conservan estas marcas.

### Árbores senlleiras

Aínda que se trata dunha árbore que non acada grande dimensións, en Galicia atopamos exemplares que podemos considerar monumentais, como a abeleira centenaria do Pazo de Lourizán (Pontevedra), incluída no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, de 10 m de altura, 4.60 m de circunferencia basal e 11 m de diámetro de copa.

Outras agrupacións senlleiras de abeleiras atopámolas no Pazo de Isabel II (O Roxal, Neda, A Coruña) e no Pazo

de Larache (Santa Cristina de Cobres, Vilaboa, Pontevedra), que posúe un fermoso xardín e un grande arboredo cunha extensión de cincuenta e cinco mil metros cadrados de terreo, con gran diversidade biolóxica, incluíndo árbores centenarias que dominan a Ría de Vigo.

### Outras abeleiras

Nos parques e xardíns tamén se cultivan *Corylus maxima* Mill., abeleira maior, orixinaria do sueste de Europa, de ata 7 m de altura e coa cúpula dos froitos de base bulbosa, que se estreita sobre a noz e logo se dilata nunha coroa dentada, e *Corylus colurna* L., abeleira turca, do sueste de Europa e suroeste de Asia, de ata 25 m de altura, con estípulas rematadas en punta e cúpula do froito máis longa que a da nosa abeleira e con lóbulos estreitos e con frecuencia curvados.



Abeleira do Pazo de Lourizán





### OS CARPINTEIROS DE RIBEIRA

Autor: Xosé Lois Ripalda

#### HISTORIA DO OFICIO NO LITORAL E VEAS FLUVIAIS DE GALICIA. PATRIMONIO E FUTURO DO OFICIO

O feito de que a costa galega abrangue máis dun milleiro de quilómetros e unha importante rede hidrográfica fixo que o oficio de carpinteiro de ribeira fose salientábel en Galicia. Non hai novas de cando o ser humano comezou a navegar; porén, quizais, polos restos atopados, fose no neolítico, como o amosan os amacelos de óso e sobre todo na época castrexa en que o anzol era de bronce. En Galicia temos testemuños de barcas de vimbio recubertas de coiro que percorrían, segundo os historiadores romanos Plinio e tamén Estrabón, a foz do río Miño. Destas época son os petróglifos de embarcacións achados no castro de Borna e Oia en Pontevedra, onde aparecen petróglifos con motivos de embarcacións de xuncos. Nos castros costeiros de Baroña, Mosteiro, Santo Ourense e Brión déronse con restos de marisco bivalvos que proban que os moradores dos castros se dedicaban ás actividades pesqueiras. Na desaparecida lagoa de Antela achouse un barco de dornas, e unha monóxila en Pontecesures. Os pobos colonizadores sábese que viñan con barcos a Galicia e deles deberon perfeccionar os coñecementos as xentes do noroeste. No século XII o arcebispo Xelmírez fixo vir de Italia mestres para construcións navais que logo tripularían mariñeiros galegos. A partir de entón fanse embarcacións; así, había

obradoiros en Foz, Noia, Ribadeo e xa no século XIX son importantes os estaleiros de carpinteiros de ribeira no río Tambre e Tines nos que chegou haber preto de corenta. Nos momentos actuais moitas son as causas que poderíamos enumerar da non doada situación deste patrimonio cultural como son as construcións dos carpinteiros de ribei-



#### A CORUÑA

- 1.- Ferrol
- 2.- Betanzos
- 3.- Muros
- 4.- Outes
- 5.- Noia
- 6.- Porto do Son
- 7.- Ribeira
- 8.- Aguiño

#### LUGO

- 1.- Foz
- 2.- Ribadeo
- 3.- Portomarín
- 4.- Chantada
- 5.- Ferreira de Pantón (Pombeiro)

#### OURENSE


- 1.- Ribadavia

#### PONTEVEDRA

- 1.- Vilagarcía de Arousa
- 2.- Vilanova de Arousa
- 3.- Cambados
- 4.- Illa de Arousa
- 5.- O Grove
- 6.- Pedras Negras
- 7.- Illa de Ons
- 8.- Bueu
- 9.- Cangas
- 10.- Moaña
- 11.- Vigo
- 12.- Baiona
- 13.- A Guarda
- 13.- Tui

ra, entre elas están o troque dos medios de transporte, a mellora das redes de estradas, o desprazamento do pequeno comercio de cabotaxe e sobre todo a irrupción da materia prima industrial de aceiro, aluminio e os elementos sintéticos de fibras de poliéster. Por todo isto o futuro dos carpinteiros de ribeira non se pode ver con optimismo aínda que quizais o porvir estea na fabricación de barcos de recreo e deportivos ou, como di un mestre carpinteiro, coa creación de escolas de obradoiros onde se poida unificar o ensino do devandito oficio con outros tradicionais como poden ser o de cesteiro, canteiro ou albanel, por nomear algúns.

## COMARCAS E POBOACIÓNS GALEGAS DE ESPECIAL RELEV NA CONSTRUCCIÓN NAVAL DE RIBEIRA E TOPOLOXÍAS DAS EMBARCACIÓNS FABRICADAS




*Partes do barco do baixo miño*


- |                                 |                        |                             |
|---------------------------------|------------------------|-----------------------------|
| 1.- Cadernas                    | 2.- Canizo dos pes     | 3.- Remadeira ou cantadoira |
| 4.- Ichama chumaceira ou tolete | 5.- Verteaguas         | 6.- Sela                    |
| 7.- Cuña                        | 8.- Paneiro            | 9.- Tosta                   |
| 10.- Espinazo                   | 11.- Cañizo ou taburno | 12.- Buraco para o mastro   |
| 13.- Bordos                     |                        |                             |

A tipoloxía das embarcacións pódese clasificar en dous grupos: as correspondentes ás vías fluviais e as do mar. Con relación aos ríos están o barco, unha embarcación lixeira para navegar, pois apenas pousa na auga coa proa pina e a popa un tanto ergueita, de liñas lizgairas e sareliñas, foron as que mellor se adaptaron ao río Miño sobre todo no seu tramo navegábel de Tui á Guarda. A estrutura componse dunha peza no fondo, de forma lanceolada, chamada lastre, en cuxos extremos se montan as rodas de popa e de proa, o cuaño, sobre o espiñazo, e coas cavernas entabóase o barco formando o casco ou buco con tres fileiras de táboas chamadas bordas; de seguido van os canizos, chamados paneiras ou taburnos, o de proa moi inclinado, e o de popa menos. Entre ámbolas dúas paneiras vai un asento ou tosta que sostén a armazón do barco. Rematando a popa leva un pequeno asento que se coñece cos nomes de sollete, sela e pedieira. Entre as paneiras están os canizos dos pés e o lastre ou vertedeira. Debaxo dos canizos vai a secreta, que se emprega para almacén.

Outras embarcacións que tiveron importancia no río Miño, ata que apareceron as barxas dos Peares no 1955 e Belesar no 1963 e que foron salientábeis na zona da Ribeira Sacra, son: o batuxo, formado por unha dianteira curva con dous vincos transversais e outro ao longo. A barca rectangular, na que non se diferenciaba a proa, coñecida



Batuxo



**Barca rectangular**


- 1.- Remos
- 2.- Testeiro de entrada
- 3.- Testeiro de saída
- 4.- Domos
- 5.- Sollao
- 6.- Tolete

diferenza entre eslora e manga- faciase con grosas táboas de piñeiro, comezando polo fondo, a continuación ían os testeiros de proa e popa, despois os custados de tres táboas calimadas e como derradeira parte o banco de popa, banco de meo e o pousamastro. A gamela de Coruxo, ao ter que navegar por augas mainas, ten a proa máis estreita e lanceolada, o que a diferencia coa da Guarda, de máis manga. A gamela de Cangas é de fondo chan, rematando o casco en todo o contorno cunha táboa ancha; as súas partes son: pichón, paneta de proa, barxanetes, remadoira ou sopa, tolete, plan, paneta de popa, espello, viveiro e banco.




Gamela de Coruxo

co nome de testeiro de entrada da popa, ou testeiro de saída; o piso recibía o nome de costelar e reforzábbase con catro travesas curvadas nos extremos subindo pola estrutura da barca cara a arriba. O barco de dornas, cuxa construción consta de dous toros de carballo baleirados, rematando a parte dianteira de cada unha delas en pico, sendo chaira a tra-seira; ámbolos dous toros mantéñense unidos mediante tres través, as dos extremos chamadas cadieiras e as do medio sobrecadieiras; sobre os toros vai o soallo ou piso de táboas. En canto á tipoloxía das embarcacións do mar hai que nomear un grupo que abrangue unha serie de características semellantes, que se coñece co nome de gamelas, que segundo o seu lugar de orixe podemos clasificar en gamela da Guarda, de Coruxo e de Cangas, e cuxa estrutura, comezando pola da Guarda -de forma de artesa, co fondo chan e curvo ao longo, proa e popa cadradas e unha gran



**Barco de dornas**

- 1.- Bica
- 2.- Sollao
- 3.- Remos
- 4.- Cadieiras
- 5.- Tolete
- 6.- Sobrecadieira
- 7.- Dorna
- 8.- Recadeira



#### Partes da gamela da guarda


- |                     |                     |                |
|---------------------|---------------------|----------------|
| 1.- Estampa de proa | 2.- Estampa de popa | 3.- Pousamento |
| 4.- Banco de meo    | 5.- Banco de popa   | 6.- Cadeira    |
| 7.- Pia             | 8.- Enxaugo         | 9.- Cabilleiro |
| 10.- Caixón         | 11.- Tolete         | 12.- Remadoira |



*Gamelas de dous e tres pares de remos*

Outra das embarcacións típicas do mar é a dorna, que polas súas singulares formas se considera unha das embarcacións máis importantes de Galicia, ao contrario que ocorre co resto delas. As dornas empézanse a facer polos costados, primeiro ármase a quilla, logo constrúese o forro en calime e por último a armadura interna. Cada banda leva cinco táboas; comezando pola cuberta reciben os seguintes nomes: táboa de cubrir, táboa de virar, plan, quilla e pardaquilla. A cuberta fórmase con dous corredores de proa a popa e que deixan un espazo interior dividido por tres bancos, é a cadeira, contando a proa cun espazo chamado cofiño de proa.


Entre as embarcacións importantes que sucen o noso mar tamén está a traífeira, que se caracteriza por ter o ancho ou manga case igual de popa a proa, e con roda e co-





#### Partes da gamela de cangas

- |            |                    |                |               |            |
|------------|--------------------|----------------|---------------|------------|
| 1.- Pincho | 2.- Paneta de Proa | 3.- Barxanetes | 4.- Remadoira | 5.- Tolete |
| 6.- Plan   | 7.- Paneta de Popa | 8.- Espello    | 9.- Viveiro   | 10.- Banco |

Traiñeira



Gamela de Coruxo



Dorna do porto do son

- |                           |                    |
|---------------------------|--------------------|
| 1.- Verga do Mastro       | 2.- Mastro         |
| 3.- Relinga de barlovento | 4.- Austaga        |
| 5.- Relinga de sotavento  | 6.- Driza          |
| 7.- Pincho de proa        | 8.- Pincho de popa |
| 9.- Temón                 | 10.- Codaste       |
| 11.- Quilla               | 12.- Roda          |

daste curvados cara a atrás. Chegaba a ter de oito a dez remos por banda, a proa e a popa levan unha pequena cuberta e posuían bancos para remos.


En canto á distribución temos os batuxos en Portomarín, as barcas rectangulares en Chantada -nas zonas de Belesar, Portosin e Nogueira-, o barco de dornas en Pombeiro e Atán -que pertencen ao concello de Ferreira de Pantón- e tamén en Ribadavia. Tocante ás dornas a súa localización está na comarca do Salnés, concretamente nas Rías de Arousa e Pontevedra, tamén na ría de Aguiño e Ribeira, Illa de Arousa e O Grove (Pedras Negras) e Illa de Ons. Outras comarcas importantes onde se fixeron embarcacións polos

carpinteiros de ribeira son: o Baixo Miño, en concellos como Tui e A Guarda; O Morrazo, en localidades como Cangas, Bueu e Moaña; Foz,

na bisbarra da Mariña lucense central, e na oriental Ribadeo; Ribadavia en Ourense; Outes, Porto do Son, Betanzos, Ferrol, Muros e Noia na Coruña. Como se pode esculcar, a construción de embarcacións tanto de río como de mar pola nosa terra estaba moi espallada.



## O OFICIO. TIPOS DE MADEIRAS. TEMPOS DE CORTA E DE SECADO. MÁQUINAS, APARELLOS E FERRAMENTAS. ESQUEMAS, DEBUXOS E GRÁFICOS




Secado da madeira  
ao aire libre

Aparello de  
secado de madeira

- 1.- Entrada do aire    2.- Mastro  
3.- Ventiladores    4.- Pila de madeira  
5.- Porta                6.- Raís                7.- Cheminea


Hai que dicir que o oficio de carpinteiro de ribeira aprendíase a unha idade moi temperá, aos catorce anos ou mesmo aos doce. Nun principio eran os propios mariñeiros os que facían todas as tarefas de produción, pois eles prevén a función, o deseño e as características que terá a embarcación, así como a forma e o tamaño, sendo os carpinteiros os que realizaban só a actividade material; logo foron os propios mestres os que se ocuparon da dirección de todo o labor.

O oficio tiña unha estrutura gremial, é dicir, pasábase polas fases de aprendiz, oficial e mestre. Este oficio, a partir do século XII, acadou grande importancia en Galicia ata o punto de que en case todos os concellos do litoral había un obradoiro de carpinteiro de ribeira. Os tipos de madeira máis empregado na construción de barcas son: o carballo, dunha cor parda amarelada, que pola súa dureza, curvatura perfecta e resistencia á auga, onde se endurece máis, é a propia para facer as pezas da estrutura, roda e codaste; o castiñeiro, de madeira branda e duradeira, doada de traballar, empregada para as cadernas; o piñeiro do país, nas variedade de silvestre, para o espiñazo, o lastre e o casco ou buco; o bidueiro, madeira branca, flexiva e lizgaira, pouco dura, porén de moita tenacidade, úsase para os lemes ou temóns; o eucalipto, de madeira dura, densa



Máquina serradora

- 1.- Motor                2.- Base  
3.- Mesa                4.- Brazo  
5.- Volante            6.- Volante inferior  
7.- Manivela          8.- Serra



### Máquina cepilladora


- 1.- Base
- 2.- Platina dereita
- 3.- Platina esquerda
- 4.- Manivela
- 5.- Cilindro Portacoitela

e flexible igual que a do alcipreste, boa para as pezas de gran lonxitude como a quilla e sobrequilla; o umeiro, de madeira rexa e pesada, que seca axiña, destinada en especial para todo tipo de construcións que deban permanecer baixo a auga. Á parte destas árbores hai tamén outras das que se aproveita a madeira, como a das froiteiras: cerdeira, maceira, pereira e oliveira.

A mellor época do ano para pinchar as árbores é no inverno, tres días antes e despois da

lúa minguante de xaneiro, porque neste tempo o seu zume non ten actividade, a diferenza da primavera ou do verán cando a devandita substancia circula dabondo polos tecidos da madeira e ao fermentar pode ser atacada dunha maneira doada polos organismos destrutores. O secado da madeira natural realízase ao aire libre; para iso amóanse as táboas en pilas de dous a tres metros de altura separadas por tacos dun centímetro de grosor, máis ou menos, dispostos por toda a anchura das táboas e a cada metro de lonxitude para que permitan a circulación do aire. O secado artificial ten lugar en aparellos onde se introducen as táboas de madeira en moreas sobre raís; aló entra aire do exterior, que se quenta nuns radiadores e logo se distribúe mediante ventiladores no interior do aparello para secar a madeira.

lúa minguante de xaneiro, porque neste tempo o seu zume non ten actividade, a diferenza da primavera ou do verán cando a devandita substancia circula dabondo polos tecidos da madeira e ao fermentar pode ser atacada dunha maneira doada polos organismos destrutores. O secado da madeira natural realízase ao aire libre; para iso amóanse as táboas en pilas de dous a tres metros de altura separadas por tacos dun centímetro de grosor, máis ou menos, dispostos por toda a anchura das táboas e a cada metro de lonxitude para que permitan a circulación do aire. O secado artificial ten lugar en aparellos onde se introducen as táboas de madeira en moreas sobre raís; aló entra aire do exterior, que se quenta nuns radiadores e logo se distribúe mediante ventiladores no interior do aparello para secar a madeira.



- |                          |                           |               |
|--------------------------|---------------------------|---------------|
| 1.- Garlopa              | 2.- Torniquete            | 3.- Cepillo   |
| 4.- Martelo de orella    | 5.- Serrucho de punta     | 6.- Serrón    |
| 7.- Aixó de mango grande | 8.- Aixó de mango pequeno |               |
| 9.- Machada de peto      | 10.- Machado              | 11.- Alicates |
| 12.- Mazo                | 13.- Serra                | 14.- Compás   |
| 15.- Barrena             | 16.- Reglón               | 17.- Escofia  |




Máquina regosadoira

As ferramentas utilizadas polos carpinteiros de ribeira son semellantes ás dos cubeiros: cepillos, torniquete, martelo de orella, serrón de punta, serrón, serra, machada, machado, alicates; non obstante hai que considerar que algunhas como garlopas, mazos, trades, barrenas e tamén eixos acadan dimensións considerábeis. A industria moderna posúe unha variedade extraordinaria de máquinas para traballar a madeira, que se reducen a dous tipos: máquinas para serrar, entre as que están a circular, a cinta sen fin e a de calar; para labrar, as máquinas máis empregadas son a cepilladora, regrosadoira, trade e lixadora, entre outras.

## O REMO, A VELA E OUTROS. O PROCESO DE FABRICACIÓN


Os remos xunto coas velas son os medios empregados para mover as embarcacións. O remo consta dun pau longo, a manga, que se empuña polo guión, colócase no tolete pola olleira e corta a auga coa pa. Para fabricalo empregase madeira de piñeiro torta. As velas poden ser en forma de coitelo, cadradas e de orella. Fábranse de liño, xuncos, la, algodón e modernamente de fibras de poliéster. O temón é outro medio de dirixir os barcos. Consta de cana, pa, macho de arriba e abaixo, que se unen ás femias superior e inferior no codaste do barco.



1.- Coitelo

2.- Cadrada

3.- Orella




1.- Mangueira ou Cana

O Remo

2.- Guión

3.- Orella

4.- Pa



O TEMÓN

1.- Cana

2.- Macho de arriba

3.- Macho de abaixo

4.- Pa

5.- Femia de arriba

6.- Femia de abaixo

## Ditos, refráns, cantigas, adiviñas, lendas e pequenos contos.

### Ditos

- ↻ *Quen ten barca non molla os pés .*
- ↻ *Andar coma barca sen temón.*
- ↻ *Cada barca deixa o seu ronsel.*
- ↻ *Ao teu inimigo barca de ouro.*
- ↻ *A toda vela.*
- ↻ *Recoller velas.*
- ↻ *Erguer as velas.*
- ↻ *A vela.*

### Refráns

- ↻ *Se fas as dornas de castiñeiro, aforras diñeiro.*
- ↻ *As barcas sen dono son de todos.*
- ↻ *Para peixes o salmón, para velas as de algodón.*
- ↻ *O pan na arca e no Miño a barca.*
- ↻ *Cando o patrón ben manda, nin o mar pode coa barca.*
- ↻ *Quen con barcas anda nunca os pés ten enxoiros.*
- ↻ *No forno que non falte o molete e na barca o tolete.*
- ↻ *Se todos che fan coma min, barqueiro escusas peto para o diñeiro.*
- ↻ *Se o vento na cuberta do barco brilla, pecha a escudilla.*
- ↻ *Quen non sabe usar o remo, a barca lévalla o demo.*
- ↻ *As dornas de Pombeiro sácalles o sombreiro.*
- ↻ *Troita de pé e barca a correr ninguén as pode coller.*
- ↻ *A carón do areal ten o carpinteiro de ribeira o seu obradoiro caroa.*
- ↻ *Para eixe do carro o amieiro, para as cadernas da barca o castiñeiro.*
- ↻ *Se de madeiras queres saber, ao carpinteiro de ribeira has de ver.*

### Cantigas

- ↻ *Bois ao carro á mañá, / ferro ao lume a quentar, / o barqueiro ao seu remo, / todo o mundo a traballar.*
- ↻ *Dende Pombeiro a Erbedeiro / a barca vai polo río, / e por enriba do ombreiro / o cesto coleiro.*
- ↻ *Do outro lado do río / teño unha parra con uvas. / Se o barqueiro non me pasa, / hanme caer de maduras.*
- ↻ *Rapaciña, casa cun carpinteiro de ribeira / para coa súa barca ir pasear / lonxe do teu lar.*

### Adiviñas

- ↻ *Alto e guapo son / e ando a fartura, / corto por onde ando, / coso sen costura.*
- ↻ *Que cousa é cousa / que non ten pés / e anda se lle moves os brazos?.*

## Lenda

*Segundo conta unha lenda, houbo un tempo en que as árbores acudían aos obradoiros dos carpinteiros de ribeira polo seu propio pé, entón eles escollíanas segundo as propiedades de dureza, flexibilidade, porosidade ou resistencia. Porén un día viron unha árbore completamente descoñecida que intentou pasar.*

*- Non podes entrar porque endexamais te vimos por aquí –díxolle un dos carpinteiros.*

*Ao que lle respondeu a árbore:*

*- Tes razón, pois veño dun lugar moi afastado; non obstante quixera ser tan importante coma os meus compañeiros.*

*- A cousa –díxolle o carpinteiro- non é tan doada como ti pensas. Necesítanse moitos anos para facerse unha árbore e coller unha serie de calidades que ti aínda non tes .*

*Entón a descoñecida roubou de cada árbore o mellor que tiña: do piñeiro as raíces, do castiñeiro a copa, o toro do carballo, a frondosidade do freixo e así fixo con todas. Cando foi o tempo de acudir ao obradoiro, xuntouse coas demais compañeiras. Porén fuxían espantadas ao ver o seu aspecto. A árbore, ao pasar diante dun regueiro, mirouse e viu que era un mostro. Pesarosa do que fixera volveu para a fraga onde agarda ao ir dos anos chegar a ser unha árbore útil.*

## Conto

*Dous amigos volvían da festa que todos os anos tiña lugar da outra banda do río onde vivían, mais cando chegaron á beira viron que a barca non estaba; entón dixo un deles:*

*- Só a ti se che ocorre non deixar a barca ben amarrada.*

*- Pois teremos que ir á casa do barqueiro, que está un tanto modernizado e ten un peto na propia barca para que lle boten os cartos -dixo o outro.*

*Cando ían de camiño, viron ao lonxe unha lanterna e o zunido dunha campaña esgutiando un cheo de medo.*

*- Son eles! Os da Santa Compañía!*

*- Déixate de andrómenas -dixo o compañeiro. Será a luz da lanterna dun mozo de volta da festa e a campaña o axóuxere da cabuxa do barqueiro, que anda ceibe. Entón colleron a barca e comezaron a remar; porén, en lugar de ir para a outra beira, ían río abaixo, o que fixo que remasen con todas as súas forzas e así conseguiron o seu propósito, dicindo o que amosara máis medo:*

*- Menos mal que desta saímos grazas á barca. Nunca falarei mal dos carpinteiros de ribeira que fan estas marabillas.*

*- Non esteas tan seguro, pois aínda nos pode saír o lobo -díxolle con retransca o compañeiro.*



### NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2014

## TEMA: "A pesca fluvial en Galicia"

**SYNGENTA AGRO**, continuando coa tradición deste "**Almanaque**" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun PREMIO DE 650 € ao mellor traballo sobre "**A pesca fluvial en Galicia**". O traballo gañador publicárase na próxima edición do "**Almanaque agrícola ZZ**".

### BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e empregados da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a Syngenta Agro, referencia "CONCURSO" a A Relva s/n 36400 O Porriño (Pontevedra) antes do 30 de setembro de 2014. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregalos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, memoria portátil,...). Admitiranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón [contacto.marketing@syngenta.com](mailto:contacto.marketing@syngenta.com), e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
  - Prehistoria coñecida e historia da actividade, dende ser fonte de alimento, recurso económico máis tarde, ata a consideración deportiva na actualidade.
  - Xeografía. Comarcas ou poboacións galegas significativas por desenvolver este oficio nos seus ríos e regatos. Gastronomía local parella á tipoloxía de capturas.
  - Sistemas de pesca tradicional nos ríos e lagos. Aparellos, construcións e outros. Esquemas, debuxos e gráficos.
  - O proceso de fabricación.
  - Refrás, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a esta pesca do interior da comunidade e mesmo aos ríos.

Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.

- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de outubro de 2014.

**Novo Karate Zeon Plus**

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

# PLUS

sensiblemente  
mellor

Máis seguro,  
máis práctico  
e máis rendible.



 **Karate Zeon<sup>+</sup>**  
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza.





# As novas Castes de Vide

## A variedade "Arauxa"

### 1. Sinonimias

Son moi numerosas:  
Ull de Llebre (Cataluña),  
Aragones (Burgos),  
Cencibel (A Mancha),  
Tinto fino (Madrid), Tinta  
do pais, Tinta fina, Tinta  
de touro (Castela e León),  
Morisca (Estremadura), Arauxa  
(Monterrei), Tinta roriz  
(Portugal) e moitas máis...





## 2. Localización

Variedade orixinaria do val do Ebro e estendida por case toda a Península Ibérica desde a Idade Media, como o confirman as súas tradicionais sinonimias nos mesmos lugares. É variedade preferente en numerosas DDOO españolas. En Galicia é variedade preferente nas DDOO Ribeira Sacra e Valdeorras, e autorizada nas do Ribeiro e Monterrei. Nesta última coñécese como ARAUXA.



## 3. Características ampelográficas

Algo variables, dada a súa gran extensión de cultivo.

**Brote:** De brotación algodonosa, con pigmentación avermellada débil no extremo e na base das brácteas. Extremidade aberta, con pelos tombados de densidade media.

**Folla adulta:** Tamaño grande, forma pentagonal, seos laterais profundos, heptalobuladas, con face denegrida e envés felpado. Dentes oxivais, peciolo máis curto ou case igual que o nervio principal. Follas abarquilladas na inserción do seo peciolar.

**Bagas:** Esferoidais, de tamaño mediano e cor azul denegrida.

**Acios:** De forma cilíndrica e alados, compactos e de tamaño mediano. Pedúnculo curto.

## 4. Características agronomicas

De porte semiergueito, a brotación é entre temperá e media e a maduración medio-temperá. O peso da madeira de poda oscila entre os 1.050 e 1.300 Kg/cepa e a produción rolda os 3,5-3,7 Kg/cepa.

## 5. Fitopatoloxia

É moi sensible á mera (mildeu) e ao oídio, menos á Botryte, e sensible á excoriose.

## 6. Cultivo

Adáptase ben aos sistemas de condución actuais (dobre cordón horizontal). O seu callado é bastante seguro pero resiste mal as altas temperaturas e a seca, así como as inclemencias do tempo. Absorbe moi ben o potasio, polo que o seu contido no terreo debe controlarse para non reducir a acidez do mosto.

Os climas frescos favorecen a elegancia e a acidez, pero, para conseguir bos contidos en azucre e peles grosas que dean intensidade de cor, necesítase calor.



## 7. Características enolóxicas

Está considerada como unha das variedades tintas mais finas, producindo viños de cor intensa, graduacións medio-altas e acideces medias. Os viños novos son aromáticos e elegantes, ata en maceración carbónica. O aroma do viño novo recorda as froitas vermellas (amorodo, framboesa).

Con todo, a súa mellor expresión son os viños de crianza e reserva, co emprego de barricas de carballo. En case toda Galicia esta posibilidade vén limitada pola débil oscilación térmica e pola acidez do chan. Con todo, resaltan excelentes as mesturas con MENCIA.


# ¡boa UVA, bo VIÑO!

Que, ao final, o que  
de verdade importa  
é a calidade

 **Switch**<sup>®</sup>

**syngenta**

Máis protección  
Máis eficacia



## O TEMPO






Comenzará o ano case seguro con tempo moi cambiante e con xeadas fortes nos días máis claros; friaxe propia do mes sen faltaren os días revoltos e ventosos, pero con pouca humidade.


Virán días húmidos ao primeiro; polo medio do mes, raioliñas de sol despois das noites de xeadas; e choiva con vento ao final do mes.

*"Xaneiro que non enche o regueiro, non é colleiteiro"*

*"O forno e a vella, pola boca se quentan"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	<b>Mabegondo</b> (2000-2012)	13,02	4,87	8,89	16	126,32
	<b>Fontecada-Sta. Comba</b> (2003-2012)	11,54	4,5	7,76	18	239,25
Lugo	<b>Campus Lugo</b> (2000-2012)	10,62	6,12	6,14	13	100,52
	<b>Pedro Murias-Ribadeo</b> (2000-2012)	13,2	7,1	10,1	15	110,7
Ourense	<b>Gandarela-Celanova</b> (2005-2012)	9,7	3,8	6,6	11	95
	<b>Ourense-Ciencias</b> (2005-2012)	12,1	4,5	7,8	10	91
Pontevedra	<b>Mouriscade-Lalín</b> (2000-2012)	11,2	1,7	6,2	15	131,6
	<b>Corón-V. de Arousa</b> (2002-2012)	13,5	7,6	10,5	13	157,2

**1 M.** **Nai de Deus.** S. María.  
  
Lúa Nova  
*1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.*

**2 X.** Ss. Basilio; Gregorio.


**3 V.** S. Xenoveva.

**4 S.** Ss. Iolando; Rigoberto.  
*1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.*  
*1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).*  
*1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.*

**5 D.** S. Emilia.  
*1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.*

**6 L.** **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**  
Ss. Wilma; Melanio.

**7 M.** S. Raimundo.  
*1950. Morre Castelao en Bos Aires.*

**8 M.** Ss. Luciano; Eladio.  
  
Cuarto Crecente  
*1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.*

**9 X.** S. Lucrecia.

**10 V.** S. Gonzalo.

**11 S.** S. Alexandre.  
*1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.*  
*1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.*

**12 D.** **Bautismo do Señor**  
S. Xulián.  
*1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

**13 L.** S. Hilario.

**14 M.** S. Félix.

**15 M.** Ss. Raquel; Amaro.

**16 X.** S. Marcelo.  
  
Lúa Chea

**17 V.** Ss. Antón Abade; Guido.

**18 S.** Ss. Prisca - Priscila.


**19 D.** S. Mario.

**20 L.** Ss. Sebastián; Fabián.  
*1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.*

**21 M.** S. Inés.

**22 M.** Ss. Laura Vicuña; Vicente.

**23 X.** S. Virxinia.

**24 V.** S. Francisco de Sales.  
  
Cuarto Minguante


**25 S.** S. Elvira.

**26 D.** Ss. Timoteo; Tito; Guimara; Ansurio; Viliúlfo.

**27 L.** Ss. Ánxela Merici.

**28 M.** S. Tomé de Aquino.  
*1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.*  
*1902. Nace o pintor Urbano Lugrís.*

**29 M.** S. Valerio.  
*1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.*  
*1930. Morre o poeta Manoel Antonio.*

**30 X.** S. Martiña.  
  
Lúa Nova  
*1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.*

**31 V.** Ss. Xoán Bosco; Marcela.  
*1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.*  
*1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.*

# Febreiro

## O TEMPO






**O**s días xa serán moito mais fríos que no mes anterior. Nubes, brétemas e xeadas case que seguidas durante as tres primeiras semanas do mes.

Cara ao final treboadas e sarabia. As nubes tapanán o ceo de xeito permanente e as chuvias serán máis fortes e acusadas nas zonas de beiramar.





*"A chuvia de febreiro, fai o palleiro"  
"Tamén anda o Demo detrás dos cruceiros"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Días de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2012)	13,89	3,69	8,51	9	84,84
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2012)	13,46	3,87	7,57	9	126,35
Lugo	Campus Lugo (2000-2012)	12,16	5,15	6,24	10	75,16
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2012)	13,12	6,2	9,7	11	86,3
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2012)	11,9	3,8	7,4	7	61,8
	Ourense-Ciencias (2005-2012)	15	3,6	8,5	7	63,6
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2012)	12,5	0,6	6,1	8	92
	Corón-V. de Arousa (2002-2012)	14,3	7	10,5	10	85,2

<b>1 S.</b>	S. Severiano.
<b>2 D.</b>	S. Candeloria. Presentación do Señor.
<b>3 L.</b>	Ss. Brais; Óscar; <i>Francisco Blanco</i> . <b>1807.</b> <i>Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.</i>
Nova formulación funxida, sistémico e de contacto, que se absorbe en 30 minutos polas partes verdes da planta. Especialmente indicado para o tratamento da vide nas primeiras mans contra a mera.

**DOSE:** 200 g/hl. Facer un máximo de 4 tratamentos por ano.

### RIDOMIL GOLD MZ PEPITE

4% Mefenoxam.  
64% Mancozeb WG.  
(Metalaxil-M 3,9%)  
40x25 g, 250 g, 1 kg e 5 kg.

Nº 24294 Xn - N  
PS: 14 días tomate e cogombro; 21 días pataca; 28 días leituga e cebola; 30 días brócoli; NP en vide.

Nova formulación funxicida sistémico e de contacto contra a mera nos cultivos de tomate, cogombro, pataca, leituga, cebola, brócoli e vide. Tamén contra alternaria de pataca e tomate e septoria en tomate.

**DOSE:** 200-250 g/hl.

### RIDOMIL GOLD PLUS

2,5% Mefenoxam. 40% Cobre  
WP. (Metalaxil-M 2,4%)  
1 kg e 5 kg.

Nº 22062 Xn - N  
PS: 3 días para cogombro; 3 días para tomate de invernadoiro; 10 días no tomate ao aire libre; 21 días para leituga y pataca. NP na vide e cítricos.

Nova formulación funxicida sistémico e de contacto contra mildeu nos cultivos da vide, leituga, cogombro e tomate.

**DOSE:** 400 g/hl. Formulado en bolsa hidrosoluble 250-400 g/hl.

### RIDOMIL GOLD GRANULADO

2,5% Mefenoxam (Metalaxil-M 2,4%)  
5 kg.

Nº 22193 Xi - \_  
PS: 15 días cítricos, amorodos, maceiras, pereiras e pementos.

Nova formulación funxicida sistémica en forma de granulado para o control de Phytophthora nos cultivos de cítricos, amorodos, maceiras, pereiras e pementos.

**DOSE:** 10-30 Kg/ha. En maceira e pereira 20-40 g/árbore.

### RIDOMIL GOLD SL

46,5% Mefenoxam (Metalaxil-M)  
250 ml e 1l.

Nº 22151 Xn - \_  
PS: 15 días en cítricos, maceiras e pereiras. NP amorodos e pementos.

Nova formulación funxicida para o control de Phytophthora nos cultivos de cítricos, maceiras, pereiras, amorodos e pementos.

**DOSE:** Rego por goteo 1-1,2 l/ha. En inxección ao chan, 1 ml/m<sup>2</sup>, máximo dúas aplicacións en outono e primavera. En inxección ao chan, máximo 2 ml/árbore.

### SCORE

25% Difenoconazol EC.  
250 ml e 1 l.

Nº 18767 \_ - N  
PS: 3 días en tomate. 7 días en melocotón, albaricoque, cerdeira e ameixa. 14 días en apio, pereira, maceira, néspereira e leituga. 30 días noutros cultivos. NP en caraveis.

Funxicida de acción sistémica, preventivo e curativo, nos cultivos de allo, caravel e espárrago para fungos; apio contra septoria; leituga, pataca e tomate contra alternaria, pereira contra moteado, fungos e septoria; maceira e néspereira contra moteado; remolacha contra oídio e cercospora; aboladura en melocotoeiro e oídio; cribado e monilia en melocotoeiro e albaricoqueiro; monilia e oídio en ameixa e monilia en cereixa.

**DOSE:** 10-20 ml/hl en froiteiras, 50-80 ml/hl en tomate; leituga e pataca. 30-50 ml/hl nos restantes cultivos, 20-30 ml/hl en melocotoeiro e albaricoqueiro.

## SWITCH

37,5% Ciprodinil. N° 21714 \_ - N  
25% Fludioxonil WG. PS: 2 días amorodos, 3 días berenxena, tomate, corcubitáceas  
25x20 g, 300 g, 1 kg e 5 kg. de pel comestible e feixóns verdes. 7 días en viña, leituga e  
outros cultivos. 14 días en pereira. 28 días en feixóns (fabas).

Funcicida específico contra botrite nos cultivos de viña, amorodos, pemento, melocotoeiro, albaricoqueiro, cerdeira, ameixeira, feixóns verdes, leitugas, berenxena, tomate, corcubitáceas de pel comestible y feixóns (faba). Tamén controla monilia, sclerotinia e asperxilo.

**DOSE:** 60-100 g/hl en todos os cultivos excepto leituga (0,5-0,6 Kg/ha) e viña (0,6-1 kg/ha).

## THIOVIT JET

80% Xofre en microgránulos N° 12901 Xi - \_  
mollables. PS: 3 días en hortícolas non de folla e 5 días demais cultivos.  
1 Kg, 10 kg e 25 kg. NP ornamentais leñosas.

Funcicida a base de xofre en microesferas, con acción por contacto e vapores, contra oídio, ácaros, eriofidos e negrilla, nos cultivos da vide, hortícolas, froiteiras e outros cultivos.

**DOSE:** 250-750 g/hl segundo cultivos.

## TOPAS 200 EW

20% Penconazol. N° 21291 Xn - N  
50 ml, 100 ml, 500 ml e 1 l. PS: 3 días en melón, sandía, cocurbitáceas de pel comestible,  
cogombro, amorodo, pemento e tomate. 14 días en vide e  
outros cultivos.

Funcicida antioídio, sistémico de acción preventiva que ademais detén a infección durante o período de incubación. Para cultivos de viña, froiteiras, amorodos e outros cultivos.

**DOSE:** 15 - 25 ml/hl conforme os cultivos.

## HERBICIDAS

### AUROS PLUS

80% Prosulfocarb EC. N° 18087 Xn - \_  
20% Triasulfurón WG. N° 17925 \_ - N  
3x3 l + 6x15 g.

Combinado herbicida de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar nos cultivos de trigo e cebada.

**DOSE:** Para trigo aplicar pouco despois da sementeira e antes de que as herbas teñan dúas follas. En cebada aplicar en postemerxencia do cultivo e antes de que as herbas teñan dúas follas. 4-6 l/ha do AUROS (Prosulfocarb 80%) máis 20-37,5 g/ha do LOGRAN (Triasulfurón 20%).

### AXIAL PRO

10% Pinoxaden EC. N° ES00015 Xi - N  
1 e 5 l. PS: NP

Novo herbicida de postemerxencia de alta eficacia, contra avea, xoio e outras gramíneas nos cultivos de trigo e cebada. Aplicar a partir de 3 follas do cereal e cando as malas herbas nazan. A eficacia do produto non se ve alterada polas baixas temperaturas.

**DOSE:** 0,75-0,9 l/ha.

NOVO

### BANVEL D

48% Dicamba SL.  
1 l.

Nº 11533 \_ - N

PS: 2 meses para a colleita da forraxe ou a entrada do gando. NP no millo.

Herbicida de postemerxencia contra herbas anuais de folla ancha. Traslócase a través das follas, brotes e raíces.

Para utilizar nos cultivos de trigo, cebada, avea, millo, pradeiras de gramíneas e céspedes.

**DOSE:** No millo aplicarase cando teña entre 4-8 follas a dose de 600-750 ml/ha (140 ml/hl). En cereais dende 3 follas ata o final do afillado a dose de 300 ml/ha (100 ml/hl). En pradeiras e céspedes 600 ml/ha (150 ml/hl).

### BANVEL TRIPLE

29,6% 2,4-D amina. 26,5% MCPA amina.  
10% Dicamba amina SL.  
1 l e 5 l.

Nº 13537 Xn - N

PS: 21 días dende a aplicación ata o consumo do pasto polo gando.

Herbicida de postemerxencia contra todo tipo de malas herbas de folla ancha nas pradeiras e céspedes de gramíneas xa establecidos. Tamén para os cultivos de: trigo, cebada, avea e centeo.

**DOSE:** 0,8-1,5 l/ha (200-375 ml/hl). En pradeiras aplicarase preferentemente ó inicio da brotación ou 1-2 semanas despois dun corte. En cereais o mellor momento é o afillado antes de encanar. A temperatura debe ser entre 12-24°C.

### CALLISTO

10% Mesotrione SC.  
250 ml, 1 l e 5 l.

Nº 22313 Xn - N

PS: NP.

Herbicida para o cultivo do millo, contra a xuncia e outras herbas cando estas son noviñas.

**DOSE:** 0,75-1,5 l/ha. Bótase co millo nacido e cando a xuncia é noviña, entre 2-4 follas. Pódese repetir o tratamento entre o millo se xorde ata o estado de oito follas do cultivo.

### CAMIX

40% S-Metolacloro. 4% Mesiotrione, SE.  
1 l, 5 l e 20 l.

Nº 24063 Xi - N

PS: NP.

Novo herbicida de pre e postemerxencia precoz contra herbas de folla estreita e ancha no cultivo de millo. CAMIX leva na súa composición unha substancia protectora que impide producir fitotoxicidade ao cultivo (Benoxacor).

**DOSE:** 3,75 l/ha

### CASPER

50% Dicamba (sal sódico) +  
5% Proslurfuron [WG] P/P .  
1 kg .

Nº 25.411 \_N

PS: NP.

Herbicida en forma de gránulo dispersable, cun amplo espectro de control sobre malas herbas dicotiledóneas, anuais e perennes no cultivo do millo. A aplicación debe ser en postemerxencia das malas herbas e co millo entre 3 e 8 follas.

**DOSE:** 0,3-0,4 kg/ha.

**NOVO**



### DUAL GOLD

96% S-Metolaclo-ro EC.  
1 l e 5 l.

Nº 22126 Xn - N  
PS: NP.

Herbicida activo contra gramíneas anuais: Echinocloa, dixitaria, setaria, lolium, e outras. A Xuncia é moderadamente sensible a DUAL GOLD. Indicado para os cultivos de: millo, pataca, remolacha e xirasol. As aplicacións en postemerxencia deben ser só con herbas moi noviñas.  
**DOSE:** En pataca e remolacha 0,5-1,5 l/ha e en millo e xirasol 0,5-2 l/ha.

### ELUMIS

3% Nicosulfuron +  
7,5% Mesotriona [OD] PV.  
1 l e 5 l.

Nº 25.423 Xi-N  
PS: NP.

NOVO

É un herbicida formulado como dispersión oleosa, para o control en postemerxencia de malas herbas presentes no cultivo do millo. Con gran eficacia tanto sobre gramíneas como dicotiledóneas. A aplicación debe ser en postemerxencia das malas herbas e co millo entre 3 e 8 follas.

**DOSE:** 1-2 l/ha.

### FUSILADE MAX

12,5% Fluazifop-p-butil EC.  
1 l e 5 l.

Nº 15814 Xn - N  
PS: 21 días para colleitas e entrada do gando;  
3 meses para sementar cereais.

Herbicida selectivo nos cultivos de folla ancha, sistémico de postemerxencia para o control de gramíneas anuais e perennes. Pode botarse nos cultivos de: pataca, leguminosas, hortas, cultivos Industriais, ornamentais, herbáceas e leñosas. Tamén en froiteiras e vide.

**DOSE:** 1,25-2 l/ha para gramíneas anuais, en perennes duplicar a dose e facer dúas aplicacións. Vide, froiteiras de folla caduca e cítricos 4 l/ha.

### MILAGRO

24% Nicosulfuron.  
250 ml e 1 l

Nº Pendiente de Rexistro.  
PS: Pendiente de Rexistro.

NOVO

Herbicida de postemerxencia contra herbas gramíneas e dicotiledóneas no cultivo do millo. Activo contra equinocloa e outras gramíneas resistentes. Complementario contra a xunca. Pode empregarse en combinación con outros herbicidas de postemerxencia.

**DOSE:** 0,5-0,75 l/ha. Aplicar cando o millo teña entre 3 e 4 follas. Non aplicar en parcelas onde se usaron insecticidas organofosforados en aplicación ao chan.

### PRIMEXTRA LIQUIDO GOLD

31,25% S-Metolaclo-ro. 18,75% Terbutilazina.  
5 l e 20 l.

Nº 22199 Xi - N  
PS: NP.

Herbicida a base dunha adecuada combinación de dúas substancias activas que permiten combater as gramíneas e dicotiledóneas anuais que invaden normalmente o cultivo do millo de consumo ou de forraxe. En condicións normais poden sementarse ou plantarse calquera dos cultivos que poden seguir ao millo nunha rotación normal.

**DOSE:** 4 l/ha.

## REGLONE

20% Dicuat SL.

Nº 12346 T+ - N

1 l.

PS: 15 días.

Herbicida de contacto de acción rápida e eficaz contra as malas herbas. Axeitado para desecante de diversos cultivos facilitando as colleitas. Autorizado en patacas, millo, xirasol e algodón como desecante. Noutros cultivos, como herbicida de pre-laboreo ou para botar entre liñas sen mollar as follas do cultivo.

**DOSE:** 1,5-4 l/ha.

## TERRAPACK

25% Flazasulfuron WG.

Nº 91990 \_ - N

36% Glifosato SL.

Nº 22957 \_ - \_

1x50 g + 2x1 l.

PS: NP.

Pack comercial de herbicidas de pre e postemerxencia contra herbas anuais de folla estreita e ancha. Para utilizar no cultivo de viña.

**DOSE:** Aplicar á liña de plantación a razón de 100-200 g/ha de Terafit (flazasulfuron 25%) máis 6 l/ha Touchdown Premium (Glifosato 36%), cando as malas herbas comecen a emerxer e coa viña sen brotación. En caso de que o cultivo brotase, facer a aplicación localizada sen mollar a vexetación. Recomendase o uso de campás protectoras.

## TORDON 22 K

24% Picloran (sal potásica) SL.

Nº 11760 Xi - \_

250 cc e1 l.

PS: 21 días

Herbicida de translocación, moi persistente para o control de leñosas en terreos sen cultivo (silveiras, toxos, xestas, etc), rumex e outras especies de folla ancha en praderías de gramíneas. É absorbido por vía radicular e foliar.

**DOSE:** 1 l/ha en prados de gramíneas e 1-1,5 l/hl zonas non cultivadas.

## TOUCHDOWN PREMIUM

36% Glisofato (sal amónica) SL.

Nº 25428 \_ - \_

1 l, 5 l, 10 l e 20 l.

PS: 7 días cereais e terreos agrícolas.

NP demais cultivos.

Herbicida sistémico, non selectivo de post-emerxencia, contra todo tipo de herbas, incluídas as perennes e malezas leñosas, cun gran ámbito de aplicación. Plantacións de aguacate, cereais, froiteiras de folla caduca, limoeiro, laranxeira, oliveira, plataneiro, terreos agrícolas, terreos forestais e vide, redes viarias y de servizo agrícola. Grazas á tecnoloxía Sistem 4, Touchdown Premium actúa máis rápido, e en condicións difíciles obtéñense mellores eficacias ca con outros herbicidas sistémicos.

**DOSE:** 3-7 l/ha segun do o cultivo e tipo de herba ou maleza a controlar. Recomendase aplicacións con baixo volume de auga, de 100-200 l de auga por ha, polo que a dose equivale a: 1,5-3,5 l/hl. As doses máis baixas para as herbas noviñas, e as máis altas para perennes e malezas leñosas.

## PRODUCTOS VARIOS

### ABOFOL-L

24% Nitrógeno (N) total baixo varias formas.  
16% Fósforo ( $P_2O_5$ ) soluble. 12% Potasio ( $K_2O$ )  
soluble. 0,02% Boro (B) e 0,04% Zinc (Zn)  
quelados por  $EDTA-Na_2$ . Sólido cristalino.  
5 kg.

Registro de fertilizantes e afíns  
PS: NP.

Fertilizante foliar que estimula e regula a vexetación das plantas, diminúe os problemas de carencias e mellora a calidade das colleitas. Axuda a recuperar os cultivos nos accidentes climáticos. Autorizado para todos os cultivos.

**DOSE:** 100 g/hl. Tamén pode aplicarse á terra para ser tomado polas raíces dos cultivos.

### ALIMET

5% Metaldehído.  
1 Kg e 5 Kg.

Nº 11744 \_ \_ \_  
PS: 15 días. Ornamentais NP.

Cebo en forma de gránulos contra lesmas e caracois nos cultivos de cítricos, amorodos, froiteiras de folla caduca, subtropicales, horticolas, ornamentais herbáceas, ornamentais leñosas, industriais e pataca. Alimet posúe unha elevada resistencia ao lavado, sen que o seu poder atraente se vexa reducido.

**DOSE:** 5-8 Kg/ha.

### CULTAR

25% Paclobutrazol SC.  
1 l.

Nº 17270 Xi - N  
PS: 60 días para as colleitas.

Regulador do crecemento para fruticultura e viticultura. Reduce a lonxitude das brotacións, mellora a calidade dos froitos, e na vide ademais evita o corrememento da floración. Aplicar en cultivos con certa vitalidade.

**DOSE:** Varía segundo os cultivos e momento de aplicación. Na vide para mellorar o callado da flor aplicar unha soa vez, 50 ml/hl entre dúas ou tres semanas antes da floración.

### ISABIÓN

Complexo de aminoácidos LS.  
1 l, 5 l, 20 l, 120 l e 640 l.

Registro de fertilizantes e afíns.

Nutriente orgánico bioestimulante da vexetación das plantas en todo tipo de cultivos. Aplicar na fase de crecemento das plantas, especialmente indicado en cultivos cativos ou afectados por accidentes climatolóxicos, fitotóxidades, etc.

**DOSE:** En aplicación foliar 200-500 ml/hl (4-5 l/ha). En aplicacións a terra, pode incorporarse coa rega (3-4 l/ha) e 4 aplicacións. Un máximo de 15 l/ha.

### KLERAT BLOCK

0,005% Brodifacoum. Bloques parafina. BB.  
500 g, 5 kg e 10 kg.

Nº RPDGSP: 08-10-00838  
y 08-10-00838 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. Controla ratas, ratos e toupas de campo. Formulación axeitada para almacéns, recintos, exteriores, colectores.

**DOSE:** colocar os bloques en portacebos en bastantes puntos por toda a superficie infestada, cerca de onde os roedores teñen os seus niños, tobos ou galerías, principalmente onde estiveron alimentándose ou causando danos. Apto para uso zoonosanitario.

## SUPER KLERAT

0,005% Brodifacoum.

Cebo granulado coloreado. GB.


250 g.

Nº RPDGSP: 08-10-00837

y 10-10-00837 HA.

Raticida moi activo por inxestión contra todo tipo de roedores, tamén para os resistentes a outros anticoagulantes. De utilización en almacéns e recintos agrícolas exteriores ou interiores. **Ratas:** adoitan alimentarse en lugares ocultos cos que estean familiarizadas. Colocarase en cada punto o contido dunha bolsiña nun portacebos e a intervalos de 5-10 metros. Debido a que as ratas son moi desconfiadas, recoméndase non facer limpeza nin mover os obxectos nos lugares tratados, ata a finalización da desratización.

**Ratos:** con dos bolsiñas de 25 g pódense facer de 2 a 4 puntos de cebo, situando os portacebos a intervalos de 2-5 metros. Como os ratos son comedores esporádicos e tenden a explorar novos lugares, recoméndase cambiar os cebos de sitio periodicamente. Ao abrir as bolsiñas, colocar os gránulos nun portacebos no punto elixido, e revisalos cada 7-8 días; reponer aqueles puntos de cebo onde este tivese sido comido. Apto para uso zoonosanitario.





# Valor dos ferrados galegos en metros cadrados

## PROVINCIA DA CORUÑA

A Baña	528	Cerceda	639	Mugardos	548
A Coruña	444	Cerdido	509	Muros	335
Abegondo	436	Cesuras	436	Muxía	424
Ames	639	Coiros	436	Narón	509
Aranga	436	Corcubión	424	Neda	509
Ares	548	Coristanco	524	Negreira	528
Arzúa	536	Culleredo	444	Noia	420
As Pontes	548	Dodro	420	Oleiros	444
Ateixo	444	Dumbría	424	Ordes	639
Bergondo	436	Enfesta	639	Oroso	639
Betanzos	436	Ferrol	509	Ortigueira	444
Boimorto	536	Fisterra	424	Outes	396
Boiro	484	Frades	636	Oza dos Ríos	436
Boqueixón	639	Irixoa	436	Paderne	436
Brión	500	Laracha	524	Padrón	420
Cabana	524	Laxe	524	Pino	536
Camariñas	424	Lousame	420	Pobra do Caramiñal	484
Cambre	444	Malpica	524	Ponteceso	524
Capela	548	Mañón	548	Pontedeume	548
Carballo	524	Mazaricos	424	Porto do Son	480
Cariño	444	Melide	536	Rianxo	484
Carnota	400	Mesía	603	Ribeira	484
Carral	444	Miño	548	Roís	424
Cedeira	509	Moeche	509	Sada	436
Cee	436	Monfero	548		

## PROVINCIA DA CORUÑA

Sadurniño	509	Teo	639	Vedra	639
Santiago	639	Toques	536	Vilamaior	548
Santiso	536	Tordoia	639	Vilasantar	536
Sobrado	536	Touro	536	Vimianzo	424
Somoza	509	Trazo	640	Zas	424
Sta. Comba	528	Val do Dubra	640		
Teixeiro	536	Valdoviño	509		

### Outras Medidas:

En Rianxo úsase a **Cunca** que son 35 m<sup>2</sup>. O ferrado ten 12 Cuncas.

En Boiro úsase **Cuartillo** que son 22,33 m<sup>2</sup>.

En Rois úsase **Cuartillo** que son 17,50 m<sup>2</sup>.

Na Pobra do Caramiñal úsase a **Cunca** que son 40 m<sup>2</sup>.

## PROVINCIA DA LUGO

A Fonsagrada	507	Friol	436	Pantón	489
A Pastoriza	504	Guntín	436	Paradela	559
A Pobra de Brollón	465	Láncara	629	Páramo	559
A Pontenova	504	Lourenzá	638	Pedrafita	578
Abadín	504	Lugo	436	Pol	496
Alfoz	714	Meira	514	Portomarín	671
Antas de Ulla	604	Mondoñedo	612	Quiroga	465
As Nogais	621	Monforte	489	Rábade	436
Baleira	714	Monterroso	604	Ribadeo	612
Barreiros	714	Muras	548	Ribas do Sil	465
Becerreá	578	Navia de Suarna	650	Ribeira de Piquín	514
Begonte	525	Negueira de		Riotorto	504
Bóveda	489	Muñiz	507	Samos	559
Carballedo	629	Neira de Xusa	610	Sarria	629
Castro de Rei	629	O Corgo	436	Sober	484
Castroverde	496	O Incio	559	Taboada	604
Cervantes	553	O Saviñao	559	Trabada	638
Cervo	725	O Valadouro	714	Triacastela	430
Chantada	629	O Vicedo	548	Vilalba	546
Cospeito	525	Ourol	548	Viveiro	548
Courel (Folgoos)	436	Outeiro de Rei	436	Xermade	525
Foz	714	Palas de Rei	604	Xove	725

### Outras Medidas:

En Riotorto: **Fanega** igual a 4 Ferrados, **Ferrado** igual a 2 Tegos, **Tego** igual a 4 Cuartillos.

## PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A Caniza	437	Gondomar	541	Pontevedra	629
A Estrada	629	Lalin	536	Portas	629
A Lama	217	Marín	472 ou 504	Redondela	69
Agolada	536	Meaño	629	Ribadumia	629
Arbo	437	Meis	629	Rodeiro	536
As Neves	629	Moaña	472	Salvaterra	437
Baiona	539	Mondariz	432	Sanxenxo	629
Bueu	472	Moraña	648	Silleda	536
Caldas de Reis	672	Mos	497	Soutomaior	64
Cambados	629	Nigrán	541	Tomiño	629
Campolameiro	629	O Covelo	264	Tui	497
Cangas	472	O Grove	629	Valga	629
Catoira	629	O Porriño	497	Vigo	541
Cerdedo	528	Oia	402	Vila de Cruces	536
Crecente	437	Pazos de Borbén	74	Vilaboa	629
Cuntis	629	Poio	629	Vilagarcía	545
Dozón	536	Pontearreas	437	Vilanova	
Forcarei	500	Pontecaldeas	629	de Arousa	672
Fornelos de Montes	74	Pontecesures	420	Vilaxoán	603
		Pontesampaio	629		

### Outras Medidas:

No Morrazo e ría de Vigo úsase moito a **Vara**, que vale no Morrazo 7,37 m<sup>2</sup>, e en Vigo 4,57 m<sup>2</sup>.

En Pontevedra, Caldas e Cambados úsase a **Cunca**, a doceava parte do **Ferrado** que vale 52,40 m<sup>2</sup>. En Godos e Saíar 56 m<sup>2</sup>. O **Ferrado** 12 veces a **Cunca**.

Na Estrada e Lalin úsase o **Cuartillo**, que vale na Estrada 26 m<sup>2</sup> e en Lalin 22,34 m<sup>2</sup>.

En Pontecesures a **Cunca** ten 35 m<sup>2</sup>.

Estadal: 12 pés = 336 cm.

## PROVINCIA DE OURENSE

O **ferrado** vale: 629 m<sup>2</sup>

### Outras Medidas:

Nas terras adicadas a viñedo, a **Cavadura** vale 437 m<sup>2</sup> ou 435 m<sup>2</sup>, segundo as zonas.

O **Xornal** son 124 m<sup>2</sup>. En lugares con pendente da Ribeira Sacra, unha "**cavadura**" ou "**home de cava**", equivale a 100 cepas ben desenvolvidas.

- Nas terras adicadas a outros cultivos, a **Tega** vale 388 m<sup>2</sup>, a **Fanega** 4.141 m<sup>2</sup>.
- Na Porquelra, a **Tega** son 906 m<sup>2</sup> o **Copelo**, 21 m<sup>2</sup>.
- Para medidas do cereal, unha **Tega** equivale a 14 quilos de centeo, e unha **Fanega** son cinco **Tegas**.
- O **Copelo**, en Celanova e A Bola, son 20 m<sup>2</sup>.

• En Valdeorras a **Maquía** son 120 m<sup>2</sup>; en Verín son 22,22 m<sup>2</sup>.


Para medir capacidades en distintas zonas de Ourense, empréganse as seguintes medidas:

- **Ola**: equivale a 16 litros ou 16,5 litros, segundo as zonas.
- **Moio**: equivale a 8 olas (128 ou 132 litros).
- **Cabazo**: son 20 litros.
- **Cuartá e Media Cuarta**: son 20 e 101 litros respectivamente.
- **Cántara**: son 16 litros. O **Canado** son dúas Cántaras (32 litros).

# CONTOS

QUE NON SON CONTOS

MANOBRAS MILITARES,  
...NO POLEIRO



**A**ntes, moitas cousas eran doutro xeito, e cando unha unidade do exército ía de manobras fóra do cuartel, eran aloxados polos veciños, nas aldeas da contorna onde facían o adestramento.

Chegou unha sección de infantaría ao mando dun tenente a certa comarca da montaña luguesa. E un soldado moi espelido buscou o xeito para ir á casa da Señora Alcaldesa pensando nun trato refinado, nunha comida abundosa e tamén en tres fermosas mozas de servizo que había na casa.

Mais non lle saíu ben. Foi recibido pola dona con trato distante e despectivo e para cear só unha cunca de caldo requentado cunha bolecha de pan duro coma un penedo.

Sentiu moito a señora non ter camas a dispor no piso polo que, deixándolle dúas mantas, o levaría ás "dependencias inferiores"... Baixaron, e tratábase dunha

corte sen facenda situada no soto e da que lle falou coma se fose unha suite.

**-Este é un lugar moi silencioso, quenteño e agarimoso. Durmirá vostede coma un Rei. A palla do chan é do melloriño e moi mulida, e as mantas que lle empresto son de la pura de ovella. Pode vostede durmir moi tranquilo, porque aí ten o reloxo que o espertará puntualmente ao romper o día.**

Sinalou a unha estada de madeira con dúas estacas espetadas e dous palitroques atravesados. No de arriba había un galo altivo, fermoso e colorido, e no pau inferior descansaban dúas galiñas empoleiradas.

O militar alí pasou a noite, e, á mañá seguinte, cando a señora baixou ver como descansara, topou un letreiro escrito con carbón na porta do curral. Unha amable despedida...:

**Con Deus, Señora Alcaldesa, que levo comigo o reloxo, ..., e as dúas pesas !!!**



## O BARBEIRO DA RETORTA

**E**xercera de ambulante por Castela, din que unhas veces rasurando e cortando o pelo e outras tosquiando churras e meiriñas. Persoeiro peculiar, vive Deus, que na entrada do negocio tiña dous letreiros moi visibles en fino castelán palentino:

*“Aquí no se fía, por temor al clavo”,* dicía o da esquerda, e estaba espetado na parede cun cravo de ferreiro xigante; mesmo había que agacharse para non petar con el.

*“Un político, un sastre y este oficial de barbero son tres personas distintas, y ninguno verdadero”,* dicía o outro.

A barbería fora nun tempo a palleira da casa e, cando volveu do “mundo adiante”, como el dicía, déralle unha pequeniña reforma. Adoitaba pasar varios días sen varrer o pelo do chan, unha gata rosmona ocupaba a cadeira de cortar as máis das veces, ningún espello pendurado das paredes estaba enteiro e mesmo media ducia de galiñas paseaban polo antro ou subían á bancada; el sempre andou no bolso do mandil cunha codia de pan duro que lles esmigallaba.

Non obstante, ía tendo clientela porque naquela aldea costeira coruñesa non tiña competencia ningunha. Tanto polo nome do lugar coma por el mesmo, chamábanlle “O Retorto”.

Entrou certo día para barbearse certo cliente que viñera a tomar as augas.

O Retorto púxolle un pano polos ombreiros en sinal de distinción. O pano, case que quedaba pegado ao corpo da porcallada, graxa e po que tiña enriba..., e atoullo por diante cun laciño que fora vermello.

Colleu a brocha, deluvouna varias veces en xabrón resequido que tiña nunha cunquiña, e logo, mirando para ela, zoupoulle tres cuspiñadas para amolentar o xabrón e pasarlla logo ao cliente polas meixelas.

- *Pero qué hace, cerdo? Que garrada y que falta de higiene!!!* exclamou o cliente ao ver aquilo.

Pero, díxolle deseguida o barbeiro:

- *Pooooois non se estrañe, e non sei de que se queixa. Cuspo na brocha con vostede porque é descoñecido. Aos meus clientes de aquí, xa lles cuspo na cara directamente!!!*



# Disposicións Legais

## DE INTERESE PARA GALICIA



### *SYNGENTA FRONTE AO NOVO REAL DECRETO DE USOS SOSTIBLES 1311/2012. IMPLEMENTACIÓN DE SOLUCIÓNS DE SOSTIBILIDADE.*

**A través da súa oferta de produtos fitosanitarios, insectos auxiliares e sementes de alto rendemento, Syngenta proporciona os medios para conseguir os máximos beneficios agrícolas e os recursos necesarios para minimizar os riscos durante o ciclo de vida dos seus produtos a través de solucións innovadoras.**

*Asuntos Corporativos Syngenta España*

#### **A lexislación:**

A Directiva de Uso Sostible de Produtos Fitosanitarios que entrou en vigor na Unión Europea a finais de 2009 foi definitivamente trasposta á lexislación Española a través de dous Reais Decretos: o RD 1311/2012, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios (en diante RDUS); e o Real Decreto 1702/2011, de 18 de novembro, de inspeccións periódicas dos equipos de aplicación de produtos fitosanitarios.

Coa publicación en novembro do 2012 do Plan de Acción Nacional para o uso sostible dos produtos fitosanitarios, iníciase unha serie de medidas encamiñadas a desenvolver o obxectivo exposto pola Directiva Europea: "conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios mediante a redución dos riscos e os efectos do uso dos produtos fitosanitarios na saúde humana e o medio ambiente, e o fomento da xestión integrada de pragas."

Para a consecución deste ambicioso obxectivo, o Plan Nacional de Acción baséase en tres piares fundamentais:

- A difusión das Boas prácticas agrícolas entre todos os implicados no uso de produtos fitosanitarios promovendo unha maior profesionalización do sector.
- A introdución de métodos de traballo e melloras tecnolóxicas.
- A protección do medio acuático e outras zonas de especial atención.

E todo iso primando a información e sensibilización ao público en xeral e establecendo medidas eficaces de seguimento e control a través de prazos e de indicadores.

### **A visión de Syngenta: Agricultura Intensiva Sostible:**

Este enfoque “oficial” da sostibilidade na agricultura e máis concretamente no uso de produtos fitosanitarios non é desde logo novo para Syngenta. Xa no ano 2001 coa súa participación activa no Proxecto LIFE da Comisión Europea Doñana Sostible, Syngenta iniciou un camiño que contribuíu a demostrar de forma práctica que era posible unha nova forma de agricultura capaz de integrar os cultivos e o medio ambiente dunha forma máis sostible.

En Syngenta apostamos por unha **Agricultura Intensiva Sostible**, baseada na innovación e a tecnoloxía agronómica máis avanzada, capaz de responder ao reto da Seguridade Alimentaria mundial, e ofrecendo beneficios económicos, sociais e ambientais.

A agricultura como actividade económica sostible debe:

- **Ser rendible**, para así asegurar a súa viabilidade futura, e para iso é indispensable aumentar a produtividade achegando as solucións correctas, acelerando a innovación e compartindo e transmitindo o coñecemento.

- Preservar a calidade dos **Recursos Naturais** que emprega, conservando o chan evitando a erosión, utilizando a auga con eficiencia e evitando a súa contaminación e potenciando a biodiversidade.

- Proporcionar os Bens e Valores que a sociedade actual lle demanda, asegurando unha alimentación en cantidade e calidade suficiente para todos e contribuíndo á sostibilidade do mundo rural.

Para Syngenta, a sostibilidade só é posible mediante a intensificación da agricultura, obtendo o máximo rendemento de cada recurso investido: terra, auga, fertilizantes, enerxía, produtos fitosanitarios, etc.

Intensidade e sostibilidade apóianse entre si: aproveitemos as terras de cultivo, sacando todo o potencial das plantas mediante técnicas respectuosas co medio ambiente e compensem os impactos desta actividade milenaria sobre o marco onde se leva a cabo. **Este é o gran reto da agricultura actual.**

Syngenta promove a Innovación e a tecnoloxía como medio para proporcionar as ferramentas necesarias para a agricultura de futuro, produtiva e rendible e respectuosa co medio ambiente. Somos conscientes da nosa responsabilidade fronte á sociedade e á agricultura, para que a nosa actividade non só cumpra as exigencias legais, senón que garanta a maior seguridade para o usuario, o medio ambiente e o consumidor.

### **A importancia das Boas Prácticas Agrícolas**

O primeiro requisito para un uso sostible dos produtos fitosanitarios é a seguridade no seu emprego. Está seguridade está garantida por un procedemento regulador europeo, sen dúbida o máis exixente a

nivel mundial, que avalía os riscos de cada substancia e produto tanto desde o punto de vista do aplicador e do consumidor, como dos recursos naturais e a biodiversidade. O seguimento das Boas Prácticas Agrícolas (BPA), reflectidas na etiqueta do produto, é a mellor garantía de que non se producirán problemas durante a utilización dos produtos fitosanitarios.

O uso responsable de produtos é un aspecto prioritario para Syngenta, que ademais das obrigacións requiridas polas autoridades a través do rexistro, promove de xeito activo a adopción de comportamentos éticos e responsables co fin de conseguir a máxima seguridade para o usuario, o consumidor e o medio ambiente. Para Syngenta, isto forma parte do seu compromiso de responsabilidade social.

O uso responsable de produtos comeza antes de que o produto chegue ao mercado. Os produtos de Syngenta comercialízanse só logo dunha avaliación científica seguindo os máis elevados estándares e logo da revisión dunha gran cantidade de datos por parte dos organismos reguladores.

A nosa responsabilidade continúa cando os nosos produtos están no mercado. En cada momento do ciclo de vida do produto, Syngenta desenvolve actividades específicas de **divulgación, formación e transferencia de tecnoloxías**: normas para o transporte, almacenaxe, preparación da mestura e aplicación, ata chegar á limpeza dos equipos de aplicación, a xestión dos restos de caldo de tratamento e a eliminación dos envases baleiros.

Para Syngenta a promoción do uso seguro dos produtos, como medio para maximizar os beneficios e minimizar os eventuais riscos derivados da súa utilización, é parte da súa filosofía de empresa e reflíctese na

súa actividade cotiá. E fiel reflexo desta preocupación é a colaboración habitual coa Consellería do Medio Rural da **Xunta de Galicia** que se concretou na Xornada de Formación para o equipo de 25 técnicos da Xunta encargados de impartir os cursos de capacitación aos agricultores celebrada en novembro de 2011.

### **A oferta de sostibilidade de Syngenta**

Syngenta realiza unha promoción activa das Boas Prácticas Agrícolas a través dun ambicioso plan que comprende divulgación, formación e transferencia de tecnoloxías innovadoras.

Todos os anos organiza cursos de formación a agricultores e técnicos co obxectivo de divulgar de modo práctico como deben utilizarse os produtos fitosanitarios dun modo seguro e eficaz, con especial incidencia en:

- Seguridade do aplicador e equipos de protección individual.
- Técnicas de aplicación e calibración de equipos.

Estes cursos, de contido teórico e práctico como o que tivo lugar en Salvaterra de Miño, realízanse en colaboración con prestixiosos centros docentes universitarios e por eles pasaron nos últimos catro anos ao redor de 2.000 agricultores e técnicos.

Formación e divulgación son tamén a base de numerosos **proxectos de transferencia de tecnoloxía** enfocados a realizar un mellor uso dos recursos naturais, chan e auga, e a potenciar a biodiversidade. En Syngenta estamos convencidos de que as mellores ideas e iniciativas innovadoras xorden da colaboración, e todos os nosos proxectos de sostibilidade están realizados en colaboración con prestixiosas institucións científicas e universidades. Algúns destes proxectos

cítanse a continuación (para máis información [www.syngenta.es](http://www.syngenta.es)):

**Biosuelo:** Proxecto de investigación co obxectivo de adaptar as cubertas vexetais en cultivos leñosos cara a un maior efecto positivo sobre a biodiversidade en xeral e máis concretamente a insectos auxiliares e polinizadores sen perder eficacia no control de erosión. Realizado en colaboración co Instituto de Agricultura Sostible (IAS-CSIC) de Córdoba e a Estación Experimental do Zaidín-CSIC de Granada.

**Operación GRATA:** Co obxectivo de optimizar a utilización dos produtos fitosanitarios para reducir ao mínimo o risco de contaminación de augas superficiais e subterráneas en explotacións agrarias e cooperativas. Inclúe formación a agricultores en Boas Prácticas Agrícolas, especialmente relacionadas coa calibración de equipos e técnicas de aplicación, e a xestión de caldo sobranse de tratamento e limpeza de equipos mediante a tecnoloxía Heliosec desenvolvida por Syngenta.

**Tecnoloxía Heliosec:** Equipo de tratamento de restos de caldo de cubas e limpeza de equipos desenvolvido por Syngenta, que permite a xestión por deshidratación destas augas contaminadas evitando calquera vertedura ao medio ambiente.

Mediante un sistema informático establécese o calendario de limpeza dos equipos, de maneira que ao final da tempada só queden no Heliosec os residuos sólidos que son retirados e eliminados por empresas especializadas. A diminución de volume e peso do residuo a xestionar é evidente e é unha das importantes vantaxes que achega o sistema Heliosec.

**Proxecto TOPPS - Prowadis:** Financiado pola Unión Europea a través do seu programa LIFE e a Asociación Europea de Protección Vexetal (ECPA) co obxectivo de

identificar as principais causas de contaminación de augas superficiais e definir e difundir as Boas Prácticas Agrícolas para o uso de produtos fitosanitarios. Syngenta participou activamente no proxecto e realizou numerosos cursos de formación en toda España en colaboración coa Universidade Politécnica de Cataluña e a Universidade de Córdoba.

**Operación Polinizador:** Proxecto desenvolvido por Syngenta en toda Europa co obxectivo de crear hábitats adecuados para aumentar as poboacións de insectos polinizadores en áreas de cultivo.

“Operación Polinizador” permite aos agricultores cultivar especies vexetais silvestres, apreciadas polos insectos polinizadores, nas proximidades e marxes das súas parcelas de cultivo. Os agricultores poden dispor das sementes adecuadas xunto con técnicas innovadoras no manexo de praguicidas e recomendacións agronómicas especialmente deseñadas para favorecer aos insectos polinizadores.

O programa está apoiado en investigacións científicas independentes. En España, en colaboración co CSIC (Centro de Ciencias Agrarias de Madrid e Estación Experimental do Zaidín en Granada), a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos de Madrid e o Instituto Murciano de Investigacións Agronómicas (IMIDA). Participan tamén importantes produtores agrícolas.

**Plan de concas hidrográficas:** Proxecto piloto desenvolvido nas concas hidrográficas do Ebro, Douro e Guadalquivir co fin de desenvolver modelos efectivos para a mellora da calidade da auga en territorios agrícolas a través da formación e divulgación das Boas Prácticas Agrícolas e a transferencia de novas tecnoloxías para a redución das fontes de contaminación puntuais e difusas (escorrentía e deriva).

# O herbicida cheo de tecnoloxía

**System 4**  
TECHNOLOGY



 **TouchdownPremium**<sup>®</sup>

**syngenta**<sup>®</sup>

Herbicida non selectivo de postemerxencia, de potente efecto sistémico que controla todas as malas herbas anuais e perennes, mesmo as máis difíciles

# Roedores e Rodenticidas



**A** orde Rodentia é ampla en número de individuos e tipos, incluíndo una terceira parte de todas as especies de mamíferos existentes.

Só 41 dos 124 xéneros se catalogan como pragas, sendo dous os máis estendidos e abundantes: xénero *Rattus* e xénero *Mus*.

As especies máis importantes destes dous xéneros son:

- **Rato doméstico (*Mus musculus L.*)**, estendido basicamente en zonas rurais e granxas.
- **Rata común (*Rattus norvegicus L.*)**, que vive externa ou interiormente en calquera lugar onde atope alimentos. É a rata de sumidoiros. Non sendo autóctona da península, conta a crónica histórica que penetrou polo Pirineo acompañando as tropas francesas durante a invasión napoleónica e alimentándose cos residuos da campaña.
- **Rata negra (*Rattus rattus L.*)**. Vive xeralmente baixo cuberto e con poboación en franco retroceso a favor da anterior, que chegou a impoñerse e fagocitala.



Rato doméstico



Rata común



Rata negra

## NECESIDADES DE CONTROL

Causan os roedores moitos e variados problemas en todo mundo por compartir co ser humano o mesmo medio. Das razóns que xustifican o seu control, as tres principais son:

- 1. Comen e destrúen alimentos:** Estima a F.A.O. que os roedores causan perdas dun 5% nas colleitas de todo o mundo, cantidade suficiente para alimentar a 130 millóns de persoas. A estes produtos consumidos hai que engadir máis do dobre de alimentos que contaminan polos prexuízos directos e as nocividades colaterais de ouriños, feces, pelos ou secrecións sebáceas que os fan inservibles.
- 2. Propagadores de enfermidades:** Son vehículos e vectores de numerosas enfermidades que afectan ó ser humano: a peste bubónica, leptospirose, triquinose, ou as infeccións de salmonella, todas elas de consecuencias graves ou fatais.
- 3. Outros tipos de danos:** Causan ademais a destrución de distintos materiais: roeduras na madeira, tuberías de auga, mercancías almacenadas etc. Nas instalacións eléctricas, os cables roídos orixinan cortocircuitos, incendios e importantes avarías.

## MEDIOS DE LOITA

O exterminio absoluto das ratas como especie é practicamente imposible; porén, a aplicación de medidas adecuadas logrará un eficiente control capaz incluso de erradicalas nas zonas asiduamente tratadas.

**MÉTODOS FÍSICOS:** Empregan técnicas mecánicas para eliminalas: rateiras, trampas ou barreiras contudentes para excluír os animais de certos lugares. Os resultados reais destas accións en redución das poboacións de roedores son francamente inoperantes.


**MÉTODOS BIOLÓXICOS:** Inclúen a introdución dos seus predadores naturais, enfermidades e parasitos, modificación do hábitat, manipulación xenética ou cultivo de variedades resistentes de cereais e especies hortícolas.

A maioría destas solucións teñen fallos de teoría ou posta en práctica.

**MÉTODOS QUÍMICOS:** Tense comprobado que o método máis efectivo para control de roedores é o uso de rodenticidas clasificándose estes en:

- Agudos ou de acción rápida:** Envenenamento inmediato, facendo necesarias medidas extremadas de manipulación e risco manifesto para outras especies incluído o ser humano. O máis importante desta categoría é o fosfuro de zinc.
- Crónicos:** Actúan lentamente despois de varias doses. Funcionan como anticoagulantes xerando hemorraxias internas. Non supoñen risco para animais domésticos polo pequeno nivel de dose letal a que funcionan co roedor.

Destacan como materias activas a warfarina, difenacoum ou bromadiolona, sendo a máis avanzada e moderna o brodifacoum, principio activo de **Súper Klerat**.





# Super KLERAT

RATICIDA PARA  
ROEDORES COMENSAIS

PELLETS

*¡Un só bocado basta!*



UNHA SOLUÇÃO DE FÁBULA  
PARA O CONTROL  
DE RATAS E RATOS

syngenta.

# Enderezos dos nosos colaboradores

## PARA GALICIA - ASTURIAS

### **AGRO-REZA, S.L.**

(Ourense - Oeste)  
agro-reza@mundo-r.com

R/ Reza nº 12 (Galerías Roma)  
32003 - **OURENSE**  
Telf. e Fax: 988 222834 - 988 227553  
Móbil: 692 642118 / 119

### **AGROVAL S.L.**

(Pontevedra - Centro/Sur)  
agroval.po@terra.es

As Gándaras de Prado s/n  
(Fronte Campo de Fútbol de Budiño)  
36475 - **O PORRIÑO** - Budiño  
Telf. e Fax: 986 346765 - 986 346766

### **ALMACENES ROYAL S.L.**

(A Coruña - Norte)  
agricultura@almacenesroyal.com

R/ Fraga Iribarne nº 48  
15300 - **BETANZOS**  
Telf.: 981 772714 Fax: 981 772600  
Móbil: 689 248630

### **ASAGRO, SERVICIOS AGRÍCOLAS, S.L.**

(Asturias - Leste. Cantabria)  
asagro@fade.es

Polígono Silvota, parcela R 45  
33192 - **LLANERA** (Asturias)  
Telf.: 985 265898 Fax: 985 250764  
Móbil: 608 473131

### **CAMPONOVO PROTECCIÓN DE CULTIVOS S.L.**

(Pontevedra - Norte, Coruña - Sur)  
p.cultivos@camponovo.es

Polígono industrial Novo Milladoiro  
Rúa das Palmeiras, 57 - A2 15895 - **AMES** (A Coruña)  
Telf.: 981 535420 Fax: 981 535422  
Móbil: 606 990537

### **FITOAGRARIA S.L.**

(Ourense - A Limia, Monterrei)  
fitoagrarias@gmail.com

R/ Dous de Maio nº 57  
32630 - **XINZO DE LIMIA**  
Telf. e Fax: 988 462560 y 639 815999

### **HORTA LEMOS**

(Lugo - Centro/Sur)  
correos@hortagalega.es

Ctra. N-540 - Km 4,6  
27210 - **SANTA EULALIA DE ESPERANTE**  
Telf. e Fax: 982 24 60 19 Móbil: 696 902575

### **XARDINAGRO S.L.**

(Lugo - Norte. Asturias - Oeste)  
xardinagro@ctv.es

R/ Linares Rivas nº 4  
27760 - **VILANOVA DE LOURENZÁ**  
Telf. e Fax: 982 121002  
Almacén Telf. 982 121613

## Enderezos de SYNGENTA AGRO:

No **PORRIÑO**: A Relva s/n 36400 - O **PORRIÑO** (Pontevedra) Telf.: 986 330300 - 986 331004 Fax: 986 335855  
En **MADRID**: C/ Ribera del Loira nº 8-10, 3ª Planta; 28042 MADRID Telf.: 91 3876410 (Centralíña); Fax: 91 7210081

Os contidos desta publicación son propiedade de Syngenta Agro. Prohibese a súa reprodución total ou parcial, por calquera medio, sen a autorización previa e por escrito de Syngenta Agro.



**Camix**<sup>®</sup>

protexe a túa  
colleita  
coida o seu futuro



**Camix**<sup>®</sup>

syngenta.

Herbicida de pre y  
postemergencia precoz en maíz

TM

# 2014

## Calendario do Ano

Xaneiro							Febreiro							Marzo						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5						1	2						1	2
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	3	4	5	6	7	8	9
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	10	11	12	13	14	15	16
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	17	18	19	20	21	22	23
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28			24 <sup>24/31</sup>	25	26	27	28	29	30

Abril							Maio							San Xoán						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6				1	2	3	4							1
7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8
14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15
21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22
28	29	30					26	27	28	29	30	31		23 <sup>23/30</sup>	24	25	26	27	28	29

Santiago							Agosto							Setembro						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6					1	2	3	1	2	3	4	5	6	7
7	8	9	10	11	12	13	4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14
14	15	16	17	18	19	20	11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21
21	22	23	24	25	26	27	18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28
28	29	30	31				25	26	27	28	29	30	31	29	30					

Outubro							Novembro							Nadal						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5						1	2	1	2	3	4	5	6	7
6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14
13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21
20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28
27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30	29	30	31				

Subvencionado pola

■ Festa Nacional ■ Festa Autonómica



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

syngenta®